

### **3º APROBACION, SI PROCEDE, DA IMPLANTACION DA AXENDA 21 LOCAL E ADHESION A CARTA DE AALBORG.-**

Por parte do Sr. Presidente, se da conta da seguinte Proposta:

A Axenda 21 Local, aprobada na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e Desenvolvemento, celebrada en Río de Janeiro en 1992, establece un conxunto de accións para o logro do desenvolvemento sustentable desde un punto de vista social, económico e ambiental. Propugna un enfoque equilibrado e integral das cuestións relativas ó ambiente e ó desenvolvemento.

Dada a relevancia da actuación das administracións locais na estratexia de promoción do desenvolvemento sustentable, o capítulo 28 da Axenda 21 fai un chamamento para a adopción de Axendas 21 locais, resultado da cooperación e o consenso entre os distintos actores sociais. A adopción posta en marcha destas iniciativas convértese nun obxectivo prioritario da política ambiental na Comunidade Autónoma Galega.

A Consellería de Medio Ambiente, mediante Orde de 28 de xaneiro de 2004, convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para a implantación da Axenda 21 Local nos seus territorios.

Elaborouse a memoria xustificativa do orzamento estimado de elaboración dos traballos recollidos no Artigo 2º da citada Orde.

A intención do concello é financiar a parte non cuberta pola subvención da Consellería de Medio Ambiente con cargo ós fondos do Programa Leader Plus.

Por todo o exposto, esta Alcaldía, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN A RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MARZO DE 2004 E A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE SOLICITUDE DE AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, Ó ABEIRO DA ORDE DE 28 DE XANEIRO DE 2004, PARA A IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL NO SEU TERRITORIO SOLICITANDO A CANTIDADE DE 31.150 EUROS CORRESPONDENTE Ó 70% DO ORZAMENTO QUE ASCENDE A 44.500 EUROS.

**SEGUNDO.-** COMPROMETERSE A LEVAR A BO TERMO UNHA AXENDA 21 LOCAL NO MUNICIPIO DE COVELO.

**TERCEIRO.-** MANIFESTAR O APOIO E ADHESIÓN Á CARTA DAS CIDADES EUROPEAS CARA A SOSTENIBILIDADE (CARTA DE AALBORG) E O COMPROMISO CARA A RALIZACIÓN DOS SEUS OBXECTIVOS.

.....

Rematado o debate, por unanimidade dos Concelleiros presentes, o Pleno ACORDA A RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MARZO DE 2004 E A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:

PRIMEIRO.- PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE SOLICITUDE DE AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, Ó ABEIRO DA ORDE DE 28 DE XANEIRO DE 2004, PARA A IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL NO SEU TERRITORIO SOLICITANDO A CANTIDADE DE 31.150 EUROS CORRESPONDENTE Ó 70% DO ORZAMENTO QUE ASCENDE A 44.500 EUROS.

SEGUNDO.- COMPROMETERSE A LEVAR A BO TERMO UNHA AXENDA 21 LOCAL NO MUNICIPIO DE COVELO.

TERCEIRO.- MANIFESTAR O APOIO E ADHESIÓN Á CARTA DAS CIDADES EUROPEAS CARA A SOSTENIBILIDADE (CARTA DE AALBORG) E O COMPROMISO CARA A RALIZACIÓN DOS SEUS OBXECTIVOS.